



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

RESOLUCIÓN

ASUNTO: PROGRAMA MUNICIPAL DE ACTIVIDADES LÚDICO-EDUCATIVAS PARA O VERÁN 2026

EXPEDIENTE: 2026/S011/000001

ANTECEDENTES:

Visto o informe-proposta emitido pola Técnica do Servizo de Educación e Apoio Familiar relativo á necesidade de desenvolver un Programa Municipal de Actividades Lúdico-Educativas para o Verán 2026 dirixido á infancia, adolescencia e persoas maiores do Concello de Coirós.

Considerando que entre as funcións dos Servizos Sociais Comunitarios se atopan a promoción da autonomía persoal, a prevención, a dinamización comunitaria, a participación social e o desenvolvemento de actuacións socioeducativas dirixidas á poboación do municipio.

Considerando que as actividades propostas contribúen á mellora das competencias educativas da infancia e adolescencia, así como á promoción do envellecemento activo e á prevención do deterioro cognitivo das persoas maiores.

Considerando o interese público, educativo e social que presentan as actuacións propostas.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar o PROGRAMA MUNICIPAL DE ACTIVIDADES LÚDICO-EDUCATIVAS PARA O VERÁN 2026, promovido polos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Coirós.

Segundo.- Aprobar a realización das seguintes actividades:

1. APRENDER XOGANDO É MÁIS DIVERTIDO

Taller de Expresión Oral e Escrita

Dirixido ao alumnado de Educación Primaria.

Contidos: Desafíos de palabras.

Ortografía e redacción a través do xogo.

Creación de contos, cómics e personaxes.

Xogos para falar con confianza.

Desenvolvemento da creatividade e da comunicación.

2. ENTRENA O TEU CEREBRO XOGANDO

Taller de Estimulación Cognitiva

Dirixido ás persoas maiores do municipio.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Contidos: Exercicios de memoria.
Atención e concentración.
Razoamento lóxico.
Xogos de mesa.
Participación social e interacción grupal.

3. APRENDER A APRENDER

Taller de Técnicas de Estudo

Dirixido ao alumnado de Educación Secundaria.

Contidos: Planificación do estudo.
Elaboración de resumos e esquemas.
Mapas conceptuais.
Técnicas de redacción.
Estratexias mnemotécnicas.

Terceiro.- Establecer que a participación nas actividades terá carácter gratuíto.

Cuarto.- As actividades desenvolveranse nas instalacións municipais que determinen os Servizos Sociais Comunitarios, durante os meses de verán de 2026, en horarios adaptados ás necesidades organizativas e ao número de participantes.

Quinto.- Facultar aos Servizos Sociais Comunitarios para:

Elaborar e aprobar os modelos de solicitude de participación.

Organizar os grupos e quendas.

Establecer os calendarios e horarios definitivos.

Resolver incidencias derivadas da execución do programa.

Realizar o seguimento e avaliación das actividades.

Sexto.- Autorizar a utilización dos recursos materiais e espazos municipais necesarios para o desenvolvemento do programa.

Sétimo.- Dispoñer a apertura do prazo de inscrición, que permanecerá aberto desde o día seguinte á publicación desta resolución ata o 30 de xuño de 2026. As solicitudes formalizaranse mediante os impresos normalizados aprobados polos Servizos Sociais Comunitarios.

Oitavo.- Ordenar a publicación da presente resolución no taboleiro de anuncios municipal, na páxina web do Concello e nos demais medios de difusión que se consideren oportunos.

Asinado dixitalmente no Concello de Coirós na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde Francisco Quintela Requeijo. Pola secretaria-interventora tómase razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018).